

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032923	IES de Carral	Carral	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES de Carral. É un centro semiurbano, situado a 18 km de Coruña, en plena estrada nacional que comunica a esta con Santiago de Compostela. Limita cos municipios de Ordes, Abegondo, Cambre, Cerceda e Culleredo. Púxose en funcionamento no 2015.

No eido económico predominan os sectores primario e secundario, onde destacan as industrias de panadaría.

A maioría do alumnado vén do centro adscrito CEIP Vicente Otero Valcárcel, aínda que tamén de zonas limítrofes e mesmo algún alumno de fóra de Galicia. A poboación inmigrante é escasa, aínda que en aumento, e na súa maioría procedente de países de América latina.

No IES de Carral poden estudar Educación Secundaria Obligatoria.

O grupo de 1º ESO, está composto por 13 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

O proxecto que levaremos a cabo, "Quérome", ten como finalidade que o alumnado profunda, coñeza e se responsabilice no seu benestar, no seu propio coidado -emocional, mental e físico- e no seu desenvolvemento saudable e equilibrado ó longo da vida

É un proxecto enfocado no respecto e na empatía cun mesmo e cos outros, no coidado de sí, na identificación e expresión das emocións e sentimentos, nas relacións e comunicacións consigo e cos demais, na importancia dunha boa alimentación... no concepto de desenvolvemento integral dos educandos, do seu corpo e da súa mente..

Un proxecto no que o individuo non ten por que perder a súa identidade, senón que se complementa co grupo, a través dos retos e aprendizaxes que tentarán superar para redundar nun desenvolvemento armónico da súa persoa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñézome	Nesta unidade estúdase a importancia de coñecer e recoñecer as emocións e sentimentos propios, así como os diferentes medios e formas que foron empregados polas diferentes artes e que lles servirán de estímulo á creatividade e expresión propia..	30	10	X		
2	Comunícome	Nesta unidade o alumnado pescuda información sobre como os sentimentos e emocións se expresan e inflúen na súa interrelación cos demais; como se expresan -consciente e inconscientemente-, incidindo especialmente nas diversas formas de comunicación non verbal e na chamada comunicación non violenta.	35	10		X	
3	Cóidome	Unidade na que se elabora, expón e presenta a importancia do autocoidado integral -mental e físcico; incidindo na importancia da boa nutrición: os alimentos e os seus nutrientes, hábitos alimenticios , menús e receitas de cociña saudables.	35	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñézome	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar os sentimentos e emocións básicas, a diferenza entre ambos, así como as súas funcións expresiva, autoreguladora, comunicativa e social	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización da exposición do seu traballo: plásticos, fotográficos, linguaxe oral e/ou escrito e informáticos.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto "Quérome"		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Comunícome	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Cóidome	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o produto final "quérome" integrando os medios creativos e/ou comunicativos elexidos o longo do curso (plásticos, teatraís, expositivos, fotográficos...), reflexo da importancia no benestar e na saúde do coidado propio: físico, alimentario, emocional e comunicativo.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Quérome". Pretende que o alumnado descubra, aprenda e desenvolva hábitos e mecanismos proactivos que redunden no coidado e na mellora da súa saúde, mental e física, e da súa comunicación e interrelación, partindo de situacións cotiás e do seu interese. As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase un estudo da importancia da intelixencia emocional na saúde e benestar persoal. Os sentimentos e emocións básicos: en que se diferencian, a súa identificación, a súa importancia na

autoregulación, na "narrativa interna" propia e cara aos demais, no proceso de toma de decisións, nas relacións sociais; a súa expresión nas diferentes artes (plásticas, literarias, visuais...). Canles e medios que elixirán, en función das súas propias destrezas, para expresalos creativamente.

O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información e de modelos artísticos de diferente índole que poidan servirilles para a súa comprensión e tamén para a posterior elaboración expresivo-artística propia, acorde coas súas capacidades, destrezas e habilidades

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos recollerán datos e información, e analizarán o impacto na comunicación cotiá de que son e en que se diferencian a comunicación verbal e non verbal. Tipos e elementos da comunicación non verbal, funcións, xestos que expresan estados emotivos ou mostras de afectos, claves para unha comunicación non verbal efectiva,. A comunicación non violenta (de Rosenberg). Escóita activa e profunda, o respecto, a empatía cun mesmo e cos demais. As catro áreas de observación da comunicación non violenta: o que observamos, o que sentimos, o que necesitamos, o que pedimos para enriquecer as nosas vidas. Exemplos de todo iso nas comunicacións diarias e cotiás propias e alleas. Tamén seleccionarán situacións usuais e cotiás elixidas polo alumnado -de entre elas, tamén, cales son as que lles resultan especialmente agradables ou desagradables e como son expresadas- transmitidas por diferentes medios de representación (teatralización destas, selección de debuxos, fotos...) e que os demais compañeiros/as tentarán adiviñar: que se transmite ou tenta expresarse, se é conveniente e efectiva a forma, como podería mellorarse; para con iso desenvolver a expresión de sentimentos e emocións, a resolución de conflitos, a empatía, a autoestima e o coidado dun mesmo.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado, nos distintos grupos cooperativos, analizarán, buscarán e presentaran "Por unha comida sá, ti elexas" . Partindo de alimentos cotiás nas súas vidas, indicarán os seus nutrientes, tamén dos alimentos que máis lles gustan e dos que lles desagradan, dos compoñentes dos produtos que sexan elaborados -etiquetas-, as receitas dos seus pratos preferidos,os diferentes menús que elaborarían tendo en conta as súas preferencias culinarias, o custo económico destes, se son convenientes para un desenvolvemento sá e de coidado propio.

Nas últimas semanas do curso recompilarán e expoñerán todos os traballos realizados ao longo do curso e que conforman o produto final do proxecto "Quérome",

Terán liberdade no formato de presentación e nos medios empregados, dándolle difusión no centro educativo, titorías , exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais....

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Bioloxía e Física e Química (os alimentos, nutrientes, a dixestión...)
- Matemáticas e Economía (elaboración de menús segundo diferentes orzamentos...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (selección e deseño do formato de presentación do proxecto, de expresións artísticas das emocións...)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores e medios dixitais.
Caderno de clase
Móbil ou cámara
Útiles para realizar debuxos ou pinturas
Acceso a Internet

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer na avaliación inicial á xunta evaluadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo coa recompilación da información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información solicitada.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

A nota da avaliación final en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

#### Criterios de recuperación:

Nas avaliacións ordinarias, no caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test ou de resposta curta sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

Terá que realizar un exame final o alumnado que non teña a terceira avaliación aprobada ou non lles dé a media por ter algunha das anteriores suspensas. Nestes casos deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. Aprobará a materia si obtén unha nota de 5 ou superior.



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade concíbese como unha práctica diaria. Diversidade implica que os educandos presentan actitudes distintas na súa capacidade, na súa motivación e no seu estilo de aprendizaxe. Ante o amplo abanico de capacidades, motivacións, intereses, ritmos de aprendizaxe e contornas socioculturais heteroxéneas, procurárase en todo momento garantir o desenvolvemento persoal e social dos estudantes e velar por que as súas diferenzas non sexan un impedimento. Partese do principio de inclusión, que garante o desenvolvemento de todos, favorece a equidade e contribúe a unha maior cohesión social. Para iso tomaranse de maneira xeral as necesarias medidas de apoio e reforzo educativo que facilitan a atención individualizada dos alumnos: organización de contidos, axustes metodolóxicos, de actividades, de materiais, agrupamentos flexibles... O obxectivo fundamental do proceso educativo é a construción do coñecemento no alumnado, e para iso teremos en conta a diferente situación de partida dos alumnos e as alumnas. É por iso que na acción educativa:

- Potenciaranse as capacidades individuais
- Fundamentarase, metodoloxicamente, na motivación dos alumnos
- Terase en conta a finalidade práctica das aprendizaxes e os diversos contextos culturais do alumnado.
- Presentaranse actividades diversas con diferente nivel de dificultade: de reforzo, de ampliación e de avaliación.

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo -e sempre seguindo as indicacións e informes do Equipo de Orientación de instituto- as actividades serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a un supermercado próximo	Proxecto "Que comemos e canto costa"			X
Visita á lonxa da Coruña	Proxecto "O mar na nosa saúde"			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adoptáronse as medidas organizativas e empregáronse recursos adecuadas para atender a diversidade alumnado, especialmente aos NEAE.

Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Disponibilidade e emprego de materiais de investigación e consulta.

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

**9. Outros apartados**